

COMO COLABORAR CON NÓS:

As túas fotos e documentos son de moita axuda para reconstruír a memoria colectiva. O Museo municipal realizará a dixitalización dos documentos e procederá á devolución do orixinal. Ao mesmo tempo se cumprimentará un pequeno formulario de cesión da imaxe. A achega pódese facer das seguintes maneiras:

-Entrega presencial nas instalacións do Museo Municipal:

tras recibir a vosa visita se procederá a dixitalizar a fotografía e a cubrir o documento de identificación e cesión. Si é posible, dependendo do número de fotografías que acheguedes, xa poderedes levala no momento. Os datos de contacto da Sala-Museo municipal son:

Rúa de Galicia, nº2 (ao lado do Bazar de Oujo), 15960, Riveira, A Coruña

-Entrega dos documentos por correo postal:

podedes enviar as fotografías e documentos a través do correo ordinario ao enderezo do Concello (Praza do Concello, 15.960 Riveira) a atención de Miguel Á. Vidal Lojo, do Museo Municipal. Unha vez recibidos procederase á súa dixitalización e devolución pola mesma vía dos orixinais e da copia dixitalizada (non esquezades incluír un número de teléfono onde poidamos localizarvos).

-En liña. Aquelas persoas que o desexen poden ceder a súa fotografía enviando unha copia por correo electrónico ao seguinte enderezo: m.vidal.lojo@riveira.com ou museo@riveira.com indicando no “asunto” Arquivo Fotográfico de Riveira. Xunto coa fotografía enviarán tamén o documento de recollida de datos e cesión da imaxe, cuberto e asinado, que poden solicitar neste mesmo enderezo de correo electrónico.

De non ser posible facelo por ningunha destas vías, **marcaranse uns días nos que un técnico do museo acudirá a uns puntos determinados** e fará a recollida persoalmente, despois de escanear as fotografías ou documentos, se asinará outra data para proceder á súa devolución e a cumprimentar o documento de descrición e cesión. En caso de que a persoa que vaia doar a foto ou documento non conte con medios para facernos chegar a documentación, ou para calquera outra dúbida poderedes contactar con nós nos seguintes correos electrónicos:

m.vidal.lojo@riveira.com ou museo@riveira.com, ou no **teléfono 981873595** (preguntar por Miguel).



RECUPERACIÓN DA MEMORIA FOTOGRAFICA E DOCUMENTAL DO CONCELLO DE RIVEIRA:

“CÓNTAME A TÚA HISTORIA”



CONCELLO DE RIVEIRA
Concellería de Cultura e Festexos



Deputación
DA CORUÑA

Dende o Concello de Riveira, a iniciativa da Sala-Museo Municipal en colaboración co Arquivo Municipal imos poñer en marcha un novo proxecto no que precisamos da vosa axuda e implicación.

Deixándonos levar pola corrente desenvolvida nos últimos tempos en diferentes concellos, organismos, institucións e diversas asociacións de toda Galicia, e sendo conscientes da importancia desta actividade, queremos propoñervos a **creación dun Arquivo Fotográfico Histórico** que nos axude a reconstruír, conservar e transmitir ás xeracións vindeiras, a memoria colectiva que fai de nós, de Riveira, un lugar único. As nosas tradicións, o noso patrimonio, o noso modo de facer, todo iso terá cabida neste espazo creado por e para todos/as, para que poidamos ver como foi medrando a nosa cidade.

A proposta consiste en recuperar, preservar, salvagardar e difundir, o patrimonio fotográfico e documental do municipio Riveira con todas as súas parroquias en todos os ámbitos sociais e culturais facéndoo accesible a todo aquel que o queira desfrutar.



QUÉ TIPO DE DOCUMENTOS SE PODE ACHEGAR

Imaxes: traballaremos sobre todo con fotografías. Calquera tipo de fotografía serve. Se ben é certo que terán especial relevancia aquelas de maior antigüidade e valor histórico, serven todo tipo de retratos, imaxes de reunións coma festas e celebracións familiares, calquera acontecemento importante que reúna un grupo de xentes como o Entroido, cabalgatas, as tradicionais matanzas, ou calquera outra actividade ou material relacionado co mundo agrícola, gandeiro, actividades que teñan que ver co mar, barcos, travesías, estaleiros, inauguracións, paisaxes, monumentos, fábricas de salgadura, fábricas de conserva, muíños, lugares emblemáticos que aínda existen ou que xa desapareceron (cines, bailes, escolas), tamén aquelas relacionadas coa emigración, tanto a Europa coma a América, etc.; en definitiva todo o que poida facer que as novas xeracións coñezan e saiban identificar a traxectoria histórica das persoas do municipio Riveirense.

Documentos oficiais: podedes achegar calquera tipo de documento que se poida

considerar de interese xeral, por exemplo algún tipo de carné (con ou sen fotografía) dalgunha entidade, cooperativa, asociación, estatutos de creación de diferentes asociación, agrupacións, etc.

